



FICHA RESUME

PE 403A 2008/49-5

<b>Ano</b>	2009
<b>Entidade</b>	CONFRARÍA DE PESCADORES DE VILAXOAN
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	ZONA LIBRE MARISQUEO
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MARISQUEO DENDE EMBARCACIÓN

<b>Especies</b>	Ameixa fina ( <i>R.decussatus</i> ), ameixa babosa ( <i>V.pullastra</i> ), ameixa xaponesa ( <i>R.philippinarum</i> ), ameixa bicuda ( <i>V.aurea</i> ), berberecho ( <i>C.edule</i> ), carneiro ( <i>V.verrucosa</i> ) e relo ( <i>D.exoleta</i> ).
<b>Ambito do plan</b>	Zona sublitoral entre a liña que une o regato Aduana a Illote Gorma e Punta Borreiros; de Punta Borreiros ao peirao de Vilaxoán, de Punta Castelete a Punta Ferrazo.
<b>Subzonas de explotación</b>	Corón-Borreiros, Rial-Saiñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas.

Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
	19	
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>SI</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
	3	

Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	150										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b> : de xaneiro a decembro, rotando zonas. Infralitoral de Corón-Borreiros, Rial-Saiñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b> : dende embarcación											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

<b>Especies</b>	<b>Embarcación</b>	<b>Tripulante/día</b>
Ameixa fina		5 kg
Ameixa babosa		10 kg
Ameixa xaponesa		4 kg
Ameixa bicuda		5 kg
Berberecho		20 kg
Carneiro		2 kg
Reloxo		2 kg

Para a posible explotación do reló deberá agardarse ao que indiquen os resultados do estudo que se está a levar a cabo.

<b>Artes a empregar</b>	Raño con separación entre varilla de 17 mm.
-------------------------	---

<b>Puntos de control</b>	Zona de produción dende a embarcación da confraría, escaleiras fronte a fachada principal da lonxa.
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Vilaxoán



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivas</b>				X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: Infralitoral de Preguntoiro, Castelete e Rial Saíñas (aporte de áridos)												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>				X	X	X	X	X	X	X		
Zonas: Corón, Borreiros, Esteiro do Rial e Preguntoiro.												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Corón- Borreiros, Esteiro do Rial, Saíñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Corón- Borreiros, Rial- Saíñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas												
Especies: ameixa fina, ameixa babosa, ameixa xaponesa, ameixa bicuda e berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Corón- Borreiros, Rial- Saíñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas.												
Nas limpezas empegaranse rastros e bou de vara.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Acondicionamento do sustrato</b>			X	X	X	X			X			
Corón- Borreiros, Rial- Saíñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Control de depredadores ( <i>Nassarius spp.</i> , <i>Carcinus maenas</i> , <i>Atlecyclus spp</i> ) empegando nasas en Corón, Borreiros, Rial, Saíñas, Preguntoiro, Castelete e Canelas												

**Outras consideracións <sup>(9)</sup>**

Con respecto á **proposta de ampliación**, e tendo en conta que:

1. As mostraxes realizadas amosan melloras nas poboacións das especies e a evolución produtiva dos últimos anos segue unha tendencia de mellora para todas as especies, segundo o informe biolóxico.
2. De acordo co establecido na disposición transitoria terceira da Orde de 26 de outubro de 2004, pola que se regula a alternancia de artes para embarcacións que faenen en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, *dado o esforzo pesqueiro existente na actualidade sobre as diversas especies de moluscos bivalvos, non se poderán incrementar, ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, cos que habitualmente se ven exercendo o marisqueo dende embarcación.* Sen embargo, en data 31.10.2008 habería 3 embarcacións coa arte de libre marisque asociadas á confraría de Vilaxoán, polo que o outorgamento da arte de marisqueo Z3 non sería un incremento, dado que xa a posúen (aínda que limitada ás zonas de libre marisqueo non sometidas á plan).



Apróbase o outorgamento da arte de libre marisqueo a 3 embarcacións que posúen a arte de libre marisqueo no permiso de explotación, agora ben si con anterioridade ao inicio do plan de explotación se atopasen máis embarcacións na mesma circunstancia, non se concedería a ampliación ata que se estableza regulamentariamente un baremo de acceso. Recoméndase a aprobación da ampliación de prazas en asemblea do colectivo, aínda que non teñan constituída agrupación sectorial.

A forquilla non está autorizada como arte de marisqueo dende embarcación no Decreto 424/1993, do 17 de decembro. Polo tanto a utilización de ditas técnicas no marisqueo dende embarcación requiriría da aprobación dun plan experimental segundo o establecido no artigo 3 bis do Decreto 198/2004, de 29 de xullo, que modifica o Decreto 424/1993.

O control de depredadores (*Nassarius spp.*, *Carcinus maenas*, *Atlecyclus spp*) mediante o emprego de nasas por parte das embarcacións do plan que teñan a arte de nasa nécora no permiso de explotación, deberá ser autorizado pola delegación territorial. O emprego de nasas para labores de semicultivo respectará o horario establecido no artigo 60º.2 do decreto 424/1993, ademais serán balizadas mediante boias que indicarán de forma visible a entidade á que pertencen e o tipo de acción que están a realizar (control de depredadores). As capturas incidentais de especies distintas aos depredadores serán devoltas ao mar inmediatamente despois de ser capturados.

O sistema de control de ouxas (*Dasyatis centroura*) e chuchos (*Myliobatis aquila*) como depredadores de moluscos, mediante o emprego de artes de enmalle xa figuraba nos plans dende o ano 2006 a 2008, sen embargo nunca se solicitou autorización para empregar este sistema. De igual xeito que en anos anteriores, apúntase que mentres as nasas permiten a supervivencia das capturas incidentais, non sucede así coas artes de enmalle, onde as especies capturadas poden non sobrevivir ao ser devoltas ao mar. Polo tanto só se autorizaría este sistema de control si está debidamente xustificado e planificado, e en casos puntuais, pero non como práctica habitual.

A realización de limpezas os sábados pola mañá non podería ser realizada polas embarcacións do plan de explotación nin por embarcacións de pesca non incluídas no plan, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 424/1993, de 17 de decembro. Os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan, so podrán realizarse de luns a venres.

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Recomendacións técnicas para a mellora do plan:

- Detallar a organización do punto de control.

(1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...

(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo

(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PESCA

E ASUNTOS MARÍTIMOS

Dirección Xeral de Recursos Mariños

Rúa do Valiño, 63-65 – San Lázaro  
15703 Santiago de Compostela  
Teléfono 981 544 007 – Fax 981 545 025

(4): Indicar en negrita o que corresponda

(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...

(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....

(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos

(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente

(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración

---